

# *Coordenadas*

*Revista Universitaria de Cultura / Inverno 1988/89*



4

## XABIER GONZALEZ

I eu espertei-me e presentín as túas  
xenxivas

Gueivotas,  
arroutadas de liño  
no sospiro;  
palpebras,  
beizos de debezo, ou  
anduriñas...

1

## NO ONTE

I eu espertei-me e presentín as túas xenxivas,  
unhos dentes de marfín e branco raio,  
unhos beizos de non sei,  
unhas meixelas,  
naqueloutro daquela cunha lúa por amiga...

I eu espertei-me e presentín as túas xenxivas,  
era ledo de non ter-te posuido,  
de finxir un pracer que eu non tiña,  
de conquerir porvir,  
anque a morte masacraba, unha a unha, as utopías...

I eu espertei-me e presentín as túas xenxivas,  
quisen ver alén da túa dormida,  
percurar ise tempo de palabras e sospiros,  
encanecer arrolando a sirea to deu riso;  
mais sempre  
sempre  
desexando un espertar o carón do teu calor,  
das túas xenxivas...

## NO DESTERRO

I eu fun-me e levei comigo as túas  
xenxivas,  
penduradas nun adoecido corazón,  
tremendo sempre a cada latexo esgarecido;  
porque o lonxe contigo fica perto,  
porque vivo alén  
sin deixar de estar contigo.

I eu fun-me e levei comigo as túas  
xenxivas,  
como ríos de pregallas  
nos ouvidos,  
como murchas angueiras de te ter  
ou, cecais,  
como testán segundo de eterna sinfonía.

I eu fun-me e levei, tamén, as túas  
xenxivas,  
miña rula de cartón,  
miña ferida,  
que de non ver-te retratei-te na espranza,  
que de non ter-te misturei-te coa morriña,..



3

NO HOXE

I eu voltei e non atopei as túas xenxivas,  
nin os dentes de marfín,  
nin os beizos,  
só feridas...

I eu voltei presentindo as túas xenxivas,  
co fondo aceno daquil tempo xa fuxido,  
coa seguranza de ter-te desexado,  
nun desterro que,  
meu ben,  
eu non quería...

I eu voltei e ti xa non estabas,  
nin poiden tan siquer ollar as túas xenxivas,  
porque a brétema lonxe te levara  
pra lonxe aniñar,  
miña anduríña...

4

NO AMAÑAN

I eu espertei-me e presentín as túas xenxivas,  
inda que tí non foras tú,  
inda que a lúa non fora xa a nosa amiga;  
eu espertei-me e vin-te alí,  
como noutrora,  
engaiolando-me co brilar das túas xenxivas...

E morrín presentindo as túas xenxivas,  
porque o tempo xungue cando non pasa,  
porque o lonxe te levara perto miña,  
porque, áinda así,  
eu te quería...

I espertei-me e presentín as túas xenxivas...

